

## XIANA INSUA PARDO, soprano



Natural de Vilalba (Lugo), trasládase coa súa familia á vila de Viveiro onde comeza os seus estudos musicais aos 9 anos. Levada pola súa paixón á música, anos máis tarde trasládase a A Coruña para estudar piano e pedagogía musical no conservatorio superior. Ó pouco tempo comeza a formar parte da vida coral coruñesa: canta no Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia durante 7 tempadas e no Coro Gaos dende a súa fundación ata a actualidade. Con estas formacións participa en todo tipo de programas sinfónico-corais, de óperas e de repertorio *a capella*. Neste último apartado, e co afán de non desvincularse da vila na que creceu, participa na creación do Coro de Cámara de Viveiro (actualmente coro *Tempus Fugit*), sendo solista habitual desta formación, así coma do Coro Gaos, dentro e fóra de Galicia, en numerosos concertos, festivais corais e certames nacionais e internacionais.

Como soprano solista canta o Salmo 42 de Mendelssohn coa Orquestra e o Coro Gaos, a Fantasía Coral de Beethoven co coro e a orquestra do Conservatorio Superior de Música da Coruña, e participa en recitais de ópera coa pianista Ludmila Orlova e outros cantantes relacionados coa cidade herculina.

No curso 2010-2011 é becada e trasládase a Bologna, Italia. No ano 2015 retoma os seus estudos de canto. Ingresna no Conservatorio Superior de Vigo baixo a tutela da soprano Teresa Novoa Así mesmo, combina os estudos coa súa labor docente como mestra de linguaxe musical, educación auditiva e vocal, coro e iniciación á música en escolas de música e conservatorios, ademáis de codirixir o coro MiniGaos dende hai tres tempadas. Ó longo do seu percorrido recibe leccións e consellos de mestres e cantantes como Manuela Soto, Marc Sala, Daniel Muñoz, Borja Quiza, María Teresa Bárbara Criado, Clara Panas, Patrizia Gallo, Martin Wölfel, Fabio Cetanni, Manuel Burgueras, Alberto Zedda e Carmen Subrido (na actualidade).